



Concello de Cospeito

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Tendo en conta o interese da Corporación municipal de organizar un Concurso de disfraces para a celebración do Entroido coa finalidade de promocionar unha das festas máis tradicionais e populares do calendario festivo.

Para proceder a unha axeitada organización do mesmo procedeuse á elaboración dunhas bases que rexerán o concurso nas que se recollen entre outras cuestións: as categorías de participación, a composición do tribunal e os premios.

Visto que existe crédito adecuado e suficiente para a realización do gasto mediante os documentos contables que figuran no expediente.

Visto que as bases reguladoras de subvencións atópanse publicadas no B.O.P. núm. 275 de data 29-11-2025.

Esta Alcaldía en virtude do establecido no artigo 21.1.s) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, así como a Resolución 530/2023 en materia de delegación de competencias na Xunta de Goberno Local

RESOLVE:

PRIMEIRO.- Avogar con carácter exclusivo ao presente expediente, a competencia recollida no punto terceiro.16. da Resolución da Alcaldía 530/2023 de delegación de competencias na Xunta de Goberno Local.

SEGUNDO.- Aprobar a convocatoria do Concurso de disfraces do Entroido do Concello de Cospeito para o ano 2026 e que se incorporan como Anexo á presente resolución.

TERCEIRO.- Autorizar o gasto derivado dos premios do concurso que se establecen na Base 7ª das Bases que regulan a convocatoria do concurso de disfraces do Entroido do Concello de Cospeito 2026, por importe total de 1.650,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 334.48000.

CUARTO.- Dar conta da presente resolución a Tesourería e Intervención Municipal e ó Pleno da Corporación na primeira Sesión Ordinaria que éste celebre, en cumprimento do disposto no art. 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, por lo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

O manda e asina o Sr. Alcalde, D. Armando Castosa Alvariño, na data sinalda a marxe; do que eu como Secretaria municipal dou fe.

Concello de Cospeito

Avda. da Terra Cha, 29, Cospeito. 27377 (Lugo). Tfno. 982520001. Fax: 982520102





Concello de Cospeito

ANEXO

BASES REGULADORAS DO CONCURSO DE DISFRACES DO ENTROIDO DO CONCELLO DE COSPEITO 2026

O Concello de Cospeito convoca dous concursos de disfraces para a celebración do Entroido 2026. Con esta convocatoria preténdese animar a participación activa da cidadanía no Entroido e aportar un contido atractivo a estas festas.

O obxectivo desta iniciativa é o de xerar dinamismo e participación activa da sociedade na celebración dunha das festas máis tradicionais e populares do calendario, tendo en conta que a rápida evolución dos nosos costumes fai preciso que as novas xeracións disfruten das tradicións e as coñezan para que perdure o sentido das festas e da *"cultura popular"*.

As bases reguladoras de subvencións atópanse publicadas no B.O.P. núm. 275 de data 29-11-2025.

1.- OBXECTO

Os festivales de disfraces terán lugar o día 13 de febreiro de 2026.

- Festival de disfraces infantil: celebrarase a partir das 17:30 horas.
- Festival de disfraces para adultos: celebrarase cando remate o festival infantil, aproximadamente a partir das 23:00 horas.
- O réxime da concesión da subvención será mediante concorrencia competitiva.

2.- PARTICIPANTES

2.1.- Festival infantil: Poderán participar todas aquelas persoas interesadas ata os 16 anos de idade entre as asistentes á Festa de celebración do Entroido que terá lugar a partir das 17:30 horas. Participarase en tres categorías: individual, parellas e grupos ou comparsas, nas comparsas ou grupos poderá participar como máximo 1 adulto, en casos excepcionais onde o número de nenos menores de 16 anos sexa igual ou superior a 12 poderán participar 1 adulto por cada 12 nenos.

2.2.- Festival de adultos: Poderán participar as persoas maiores de 14 anos entre as asistentes á Festa de celebración do Entroido que terá lugar a partir das 23:00 horas. Haberá tres categorías: individual, parella (dúas persoas mínimo un adulto) e grupo ou comparsa (o grupo estará integrado por 3,4 ou 5 persoas e as comparsas estarán integradas por un mínimo de 6, nas comparsas poderán participar nenos/as de todas as idades cun mínimo de 3 adultos.

3.- INSCRICIÓN

Concello de Cospeito

Avda. da Terra Cha, 29, Cospeito. 27377 (Lugo). Tfno. 982520001. Fax: 982520102





Concello de Cospeito

Os participantes deberán cumprimentar a folla de inscrición que corresponda segundo o concurso e a categoría na que queiran participar, que deberán entregar a calquera dos membros do xurado antes do comezo do concurso (Constan como Anexo ás presentes bases). Inscrición infantil: 16:30 horas; Inscrición adultos: 22:00 horas.

4.- NORMAS DE PARTICIPACIÓN

4.1.- Os aspirantes ao concurso de disfraces, seguindo as indicacións que efectúe o xurado, desfilarán e amosarán os seus disfraces, mostrándoos ó público e ó xurado.

4.2.- Os participantes no concurso de grupos e comparsas que se celebrará durante o festival de adultos poderán realizar unha actuación na que interpretarán un máximo de tres cancións.

4.3.- Poderán traer un USB coa música para acompañar a súa interpretación, se así o desexan, que deberá facilitárselle á organización no momento da súa inscrición.

Dado o carácter humorístico desta festa, o Concello non asumirá responsabilidade algunha acerca das letras, interpretacións e disfraces das persoas participantes.

Cada comparsa deberá designar na súa folla de inscrición un representante que será á persoa á que se lle entregará o premio no caso de resultar gañadora.

4.4.- O mesmo disfraz non poderá participar en 2 categorías distintas.

5.- XURADO

Os membros do xurado serán os seguintes:

- **Presidente:** María José Freire Freire, (empregada do Concello de Cospeito).
- **Vocais:**
 - Ana Belén Iglesias Rodríguez, (empregada da Mancomunidade de Municipios “Da Terra Cha”).
 - Sandra Rengifo Frisneda (membro da agrupación musical que actúa no concurso)
 - Pilar Otero Paredes (membro da Asociación de Mulleres rurais de Cospeito)
 - Daniel Roberedo Hermández (membro da Asociación de Mulleres rurais de Cospeito)
- **Suplentes:**
 - María Elena Carro Cubeiro (membro da Asociación de Mulleres rurais de

Concello de Cospeito

Avda. da Terra Cha, 29, Cospeito. 27377 (Lugo). Tfno. 982520001. Fax: 982520102





Concello de Cospeito

Cospeito)

No caso de que calquera dos membros non poda asistir será substituído/a pola persoa designada ou no seu defecto a que sinala a Presidenta.

6.- CRITERIOS DE VALORACIÓN:

6.1.- Concurso de disfraces:

O xurado valorará:

- Elaboración propia e artesanal,
- Complexidade da confección,
- Orixinalidade,
- Maquillaxe e accesorios propios do Entroido,
- Interacción co público e co xurado
- Posta en escena (música, baile, animación, colorido, humor e dramatización).

6.2.- Os membros do xurado disporán dunha táboa para axudar a realizar a valoración dos diferentes concursos. Cada criterio valorarase de 0 a 5 puntos para obter a puntuación final.

Á finalización dos desfiles de disfraces ou da actuación das comparsas os compoñentes do xurado reuniranse para fallar o resultado e facer público os gañadores e levantarán acta do resultado das súas votacións.

Os gañadores serán os que reúnan as maiores puntuacións en cada categoría por orde.

6.3.- Os membros do xurado deberán valorar os disfraces dos participantes no momento de desfilar, aínda que poden aproveitar os momentos previos da festa para facerse unha idea dos detalles e elaboracións dos disfraces.

6.4.- O xurado poderá descartar do concurso aqueles participantes que se comporten indecorosamente ou exhiban comportamentos que podan considerarse ofensivos, vexatorios ou de mal gusto, tanto cara ó público como cara a organización.

6.5.- Previa deliberación, o xurado poderá declarar deserto algún dos premios

7.- PREMIOS

7.1.- Festival de disfraces de adultos:

a) Categoría individual:

- 1º premio: 120 €.

Concello de Cospeito

Avda. da Terra Cha, 29, Cospeito. 27377 (Lugo). Tfno. 982520001. Fax: 982520102





Concello de Cospeito

- 2º premio: 90 €.
- 3º premio: 70 €.

b) Categoría parellas:

- 1º premio: 150 €.
- 2º premio: 120 €.
- 3º premio: 100 €.

c) Concurso de grupos e comparsas :

- 1º premio: 400 €.
- 2º premio: 300 €.
- 3º premio: 150 €.

Engádesse un premio especial de 150 euros a elección e según criterio dos membros do xurado a unha comparsa que non teña recibido outro premio.

7.2.- O Concello destina a cantidade de 1650 euros en calidade de premios que se imputará á aplicación orzamentaria 334.48000 do orzamento do ano 2026.

8.- PAGAMENTO DOS PREMIOS

O pagamento dos premios faráse a través de transferencia bancaria previa aportación da documentación necesaria (D.N.I., certificado de conta bancaria, declaración responsable que se incorpora ás presentes bases) e consonte á acta do xurado de valoración.

No caso de participantes de menores de idade, o representante legal será responsable, en todo momento, do menor durante o concurso.

9.- CONFORMIDADE

Todos os participantes, polo feito de selo, aceptan as presentes bases na súa totalidade.

10.-PROTECCIÓN DE DATOS

Autorización do dereito de uso da imaxe e datos en cumprimento do disposto na Lei Orgánica 3/2018 de protección de datos de carácter persoal:

O Concello de Cospeito informa de que os datos persoais que se solicitan nestas bases serán incorporados a un ficheiro, do que é responsable o Concello de Cospeito, coa única finalidade de levar a cabo as actuacións administrativas que, de ser o caso, se deriven da súa solicitude ou para realizar comunicación do seu interese para os efectos informativos. Todos os participantes polo feito de inscribirse, autorizan ó Concello de Cospeito a realizar e utilizar as fotografías e vídeos tomados no transcurso do concurso e facer uso de ditas imaxes de xeito respetuoso e responsable nas súas respectivas tarefas de información e difusión. Se o desexa, pode acceder aos datos solicitados, así como solicitar, se é o caso, a rectificación, oposición ou





Concello de Cospeito

cancelación, nos termos establecidos na Lei indicada, comunicándollo a este Concello.

11.- ÓRGANO COMPETENTE

O órgano competente para a resolución do procedemento derivado das presente bases será a Alcaldía ou órgano en quen delegue.

O prazo de resolución será como máximo de 1 mes despois da celebración do concurso de disfraces e será obxecto de publicación na sede electrónica e no portal Web do Concello.

12.-PUBLICIDADE DA CONVOCATORIA

A convocatoria deberá publicarse na BDNS e un extracto da mesma no B.O.P.

13.-COMPATIBILIDADE CON OUTRAS SUBVENCIONS

A presente subvención é compatible coa obtención doutras subvencións outorgadas coa mesma finalidade.

14.-REINTEGRO DA SUBVENCION

O réxime xurídico e procedemento de reintegro das subvencións será o previsto no Título II da Lei Xeral de Subvencións e concordante do Regulamento.

15.- RECURSOS

De acordo co que dispoñen os artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, contra a devandita resolución poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da súa publicación ou ben directamente recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da publicación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

O Alcalde
Armando Castosa Alvaríño

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE

Concello de Cospeito

Avda. da Terra Cha, 29, Cospeito. 27377 (Lugo). Tfno. 982520001. Fax: 982520102





Concello de Cospeito

ANEXO I FOLLA DE INSCRICIÓN CONCURSO DE DISFRACES INDIVIDUAIS

Datos do participante no caso do concurso individual:

NOME E APELIDOS DO PARTICIPANTE		IDADE
NOME CO QUE CONCURSA		
NOME E APELIDOS DO/DA REPRESENTANTE		
NIF		
ENDEREZO		
TELÉFONO		
ENDEREZO ELECTRÓNICO		

O que asina é coñecedor e acepta as Bases que rexen o concurso de disfraces e individuais do Concello de Cospeito para a celebración do Entroido 2026.





Concello de Cospeito

ANEXO II: FOLLA DE INSCRIPCIÓN CONCURSO DE PARELLAS

Datos dos participantes no caso do concurso de parellas:

NOME DA PARELLA:

NOME A APELIDOS DOS INTEGRANTES	NIF	IDADE
REPRESENTANTE		
NOME E APELIDOS:		
ENDEREZO:		
TELÉFONO:		
ENDEREZO ELECTRÓNICO:		

O que asina é coñecedor e acepta as Bases que rexen o concurso de disfraces de parellas do Concello de Cospeito para a celebración do Entroido 2026.

ANEXO III: FOLLA DE INSCRIPCIÓN CONCURSO DE GRUPOS E COMPARSAS

Concello de Cospeito

Avda. da Terra Cha, 29, Cospeito. 27377 (Lugo). Tfno. 982520001. Fax: 982520102





Concello de Cospeito

CONCURSO DE DISFRACES DO ENTROIDO DO CONCELLO DE COSPEITO 2026

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE NON TER DÉBEDAS POR REINTEGRO, NON ESTAR INCURSO EN PROHIBICIÓN PARA A PERCEPCIÓN DE AXUDAS E SUBVENCIÓNS PÚBLICAS E ESTAR AO CORRENTE NO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS

D/D^a.....
.....con
D.N.I..... en representación
de.....
.....
..... con enderezo a efectos de notificación en
..... número de
teléfono..... e correo electrónico.....
gañador/a do
.....

Declaro responsablemente que:

- Que non teño débedas pendentes por reintegro de subvencións.
- Que non estou incurso en ningún dos supostos de incompatibilidade, incapacidade ou prohibición para a percepción de subvencións ou axudas públicas aos que fai referencia o artigo 13.2 da lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o artigo 10 da lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- Que estou ao corrente no cumprimento coas obrigas tributarias da Administración Xeral do Estado , coa Comunidade Autónoma de Galicia e coa Seguridade Social.

ASINADO:

Concello de Cospeito

Avda. da Terra Cha, 29, Cospeito. 27377 (Lugo). Tfno. 982520001. Fax: 982520102





Concello de Cospeito

Concello de Cospeito

Avda. da Terra Cha, 29, Cospeito. 27377 (Lugo). Tfno. 982520001. Fax: 982520102

Cod. Validación: 5NINZNYDFONH74EYFA2G96Q4
Corrección: <https://concellocospeito.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 11 a 11

